

RESOLUCIÓN do 2 de agosto de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se dá continuidade á Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP no curso 2024/25, creada pola Resolución do 27 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

A través da Resolución do 27 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se crea a Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP e se ditan instrucións para o seu funcionamento, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades puxo en marcha a Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP, que veu a ampliar e reforzar o traballo realizado ata o momento pola Rede galega de dinamización da FP dual.

Mediante a Resolución do 5 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, deuse continuidade e ampliouse a Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP no curso 2023/24.

Esta rede traballa para promover un maior achegamento entre a Formación Profesional e as empresas, de xeito que se atendan as necesidades de persoal cualificado dos diferentes sectores produtivos e se favoreza a mellora da competitividade e o desenvolvemento do noso tecido produtivo. A actuación da Rede vén a dar resposta aos obxectivos marcados pola Estratexia de FP Galicia 2030.

A Estratexia de FP Galicia 2030, aprobada polo Consello da Xunta o 10 de febreiro de 2022, ten como un dos principios que a sustentan a colaboración público-privada entre as administracións e as empresas no proceso de adquisición de competencias por parte da cidadanía, na identificación das necesidades de capacitación e deseño da oferta formativa, incluíndo a modalidade dual, ou levar a cabo actuacións de difusión das ensinanzas de Formación Profesional. Entre os eixes de actuación destacan a necesidade de garantir unha formación adaptada ás persoas e ao sistema produtivo, o impulso ao proceso de acreditación de competencias profesionais e a importancia da orientación profesional e a difusión da oferta de Formación Profesional. Nesta estratexia enmárcase o Plan Conecta FP Galicia e o Plan FPGal360.

O Plan Conecta FP Galicia posto en marcha pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, ten entre os seus obxectivos deseñar e planificar unha oferta de Formación Profesional do sistema educativo que dea resposta a rápida evolución do sector produtivo e á necesidade de contar con persoas coa capacitación adecuada para facer fronte ao importante relevo xeracional que se está a producir.

O Plan de orientación profesional integral FPGal360, nace cos obxectivos de reducir o abandono escolar temperá buscando a "tendencia cero", e de establecer actuacións para a cualificación da poboación xove. Este Plan que se articula en torno a tres eixes principais busca en primeiro lugar, maximizar o éxito do alumnado do sistema educativo reducindo o abandono escolar temperá; en segundo lugar, potenciar un sistema integral de orientación profesional e vocacional; e en terceiro lugar, facilitar a titulación da poboación xove sen cualificación.

Neste contexto, o procedemento de acreditación de competencias profesionais, que permite o recoñecemento oficial das competencias adquiridas a través de la experiencia laboral ou outras vías non formais de formación, está chamado a ter un papel fundamental que debe ser impulsado a través da Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP.

O Plan de recuperación, transformación e resiliencia da economía española inclúe no Compoñente 20, o Plan estratéxico de impulso da Formación Profesional, que establece



como obxectivo progresar no recoñecemento das competencias profesionais da poboación activa que non dispón de titulación profesionalizante. Esta actuación poderá ser obxecto de cofinanciamento polo *Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes*, e pola Unión Europea – NextGenerationEU.

De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección Xeral,

DISPÓN:

Artigo 1. Obxecto

O obxecto desta resolución é dar continuidade á Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP resultante da Resolución do 5 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se dá continuidade e se amplía a Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP no curso 2023/24, creada pola Resolución do 27 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, a partir do 1 de setembro de 2024.

Artigo 2. Actuación da rede de dinamización da relación con empresas na FP

Co obxecto de dar cumprimento ás medidas establecidas no Plan FPGal360, o funcionamento da Rede centrarase en todo o relativo ao procedemento de Acreditación de competencias adquiridas a través da experiencia laboral ou outras vías non formais e informais, en todas as súas fases: dende as fases previas á instrución do procedemento que inclúen a difusión, a información, a orientación profesional, a captación e a inscrición no proceso, como as fases de instrución do procedemento que contemplan o asesoramento, a avaliación, a acreditación e o rexistro da competencia profesional. A Rede desenvolverá unha labor de apoio ás empresas, institucións e aos centros educativos favorecendo o deseño de itinerarios formativos adaptados ás necesidades da poboación.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

M^a Eugenia Pérez Fernández
Directora xeral de Formación Profesional

